

DECRETO DA ALCALDIA.

ASUNTOS: MEDIDAS EXTRAORDINARIAS CASA DO CONCELLO RESPECTO DO COVID-19.

EXP. NÚM. 207/2020.

A situación xerada pola evolución do Coronavirus – COVID- 19 impuxo a adopción de medidas de contención extraordinarias polas autoridades de saúde pública.

Tras a emisión de dous Decretos de Alcaldía nº 2020-0125 e nº 2020-0131, adoptando medidas en relación a crise sanitaria, o Goberno de España declarou o día 14 de marzo de 2020 o Estado de Alarma en todo o país durante quince días, que podería prorrogarse se fose preciso e cóntase coa autorización do Congreso de Deputados.

A medida adoptouse para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O Estado de Alarma comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais. Así mesmo, as Administracións Públicas están obrigadas a facilitar medidas que favorezan o traballo dende as súas casas aos empregados públicos na medida do posible, e sempre que sexa viable a prestación dos servizos públicos por medios non presenciais.

En consoancia coa situación cambiante que estamos a vivir, é preciso complementar as medidas xa adoptadas por esta Alcaldía con novas disposicións, que entrarán en vigor desde o mesmo luns, 16 de marzo de 2020.

Así, en virtude das facultades atribuídas pola artigo 21.1.m) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, **DISPOÑO:**

Primeiro: Reiterar o peche ao público da Casa do Concello de Vila de Cruces, a partires do luns 16 de marzo, dado o Estado de Alarma decretado polo Goberno da Nación o día 14 de marzo de 2020. Dita situación prolongarase, cando menos, o tempo que estean en vigor as anteditas medidas.

Segundo: Crear unha Comisión Municipal de seguimento da evolución do COVID-19, formada polas seguintes persoas:

- O Alcalde
- Os Concelleiros do Equipo de Goberno
- A axente da Policía Local
- O responsable dos Servizos de Emerxencia e Protección Civil
- O Secretario Xeral do Concello.

Terceiro: Acordar o traballo na casa dos traballadores municipais que poidan desempeñar as súas funcións mediante medios telemáticos. Isto inclúe ao persoal de Secretaría/Urbanismo, Intervención e Tesourería na súa totalidade.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Dito persoal deberá estar dispoñible coa finalidade de prestar servizo ou reemplazar aos compañeiros cando fosen requiridos.

Cuarto: Os servizos administrativos municipais presenciais funcionarán con porta pechada de 9 a 14 horas, dun modo moi reducido, equivalente a uns servizos mínimos. Con todo, levaranse a cabo as actuacións necesarias para que a atención telefónica, acordada no Decreto nº 2020-0131, poida realizarse polo persoal municipal dende os seus domicilios, mediante o desvío de chamadas, concertando as citas que fosen necesarias en caso de urxencias inaplazables.

Quinto: Con todo, manterán as súas funcións habituais os seguintes traballadores e servizos concesionarios:

- Policía Local
- Servizo de Emerxencia e Protección Civil
- Persoal dos servizos de limpeza, que deberá prestar especial atención ás labores de desinfección.
- Persoal de recollida de lixo.

Sexto: O persoal que acuda ás dependencias municipais deberá cumprir as recomendacións das autoridades sanitarias. Así, deberán manter a distancia recomendada con outros traballadores e veciños (un mínimo dun metro, metro e medio), lavar as mans habitualmente despois de tocar obxectos, documentos e mobiliario, toser ou esberrar no cóbado ou nun pano de papel (que non deberá ser reutilizado), etc.

Así mesmo, se o persoal ten **síntomas compatibles coa enfermidade ou estivo en contacto** con alguén que os ten ou que deu positivo no test, deberá comunicalo inmediatamente e abandonar as instalacións, procedendo a adoptar as medidas recomendadas polas autoridades sanitarias.

Sétimo: Quedan suspendidas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais (Xunta de Goberno Local, Pleno da Corporación, Comisións Informativas, Xerencia de urbanismo, etc) a excepción da Comisión de Seguimento do COVID-19 ou calquera outra que fose preciso celebrar.

Oitavo: A Comisión de seguimento do COVID-19 estudará entre outros temas, a colaboración coas autoridades sanitarias, a atención a cidadanía, en especial ás persoas máis vulnerables, a suspensión de cobro de taxas, así como todos aqueles aprazamentos e fraccionamentos de taxas, impostos, etc, que fose preciso levar a cabo para os sectores económicos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.





Noveno: Manifestar a confianza en que as anteditas medias e as adoptadas nos anteriores Decretos, xunto a colaboración do persoal municipal, dos veciños de Vila de Cruces e das demais Administracións, contribuirán a facer fronte e derrotar á enfermidade do COVID-19, volvendo ao normal desenvolvemento da nosa vida.

Décimo: Solicitarlle a tódolos traballadores municipais responsabilidade tanto no desempeño das tarefas a realizar como respecto das recomendacións sanitarias establecidas.

Mándao e asínao o Alcalde na data indica á marxe, do que como Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE.

LUÍS CELSO TABOADA SÁNCHEZ.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



Cod. Validación: A7AEFCSAZ4JEMK3CRJQFHPAC7 | Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3